



Resolución de matrícula en materias do primeiro curso que se imparten nos dous cuatrimestres curso 2002/2003

Con data do 28 de febreiro de 2002 a Xunta de Goberno da Universidade aprobou un acordo en relación coa "organización da docencia na Facultade de Matemáticas para o curso 2002/2003". Co obxecto de dar cumprimento ó mesmo este rectorado

RESOLVE:

PRIMEIRO: Para tódalas materias do primeiro curso crease un grupo adicional de docencia, de tal xeito que as que se imparten no primeiro cuatrimestre terán o grupo adicional de docencia no segundo, e á inversa, as que se imparten no segundo cuatrimestre o grupo adicional terá docencia no primeiro.

SEGUNDO: alumnos que continúan estudos.- Os estudantes que continúan estudos poden optar por cursa-las citadas materias de primeiro curso en calquera dos dous cuatrimestres.

TERCEIRO: Matrícula da mesma materia no primeiro e no segundo cuatrimestre.- Os alumnos que se matriculen en materias do primeiro curso con docencia no primeiro cuatrimestre tamen se poderán matricular no segundo cuatrimestre da/s materia/s cursadas no caso de non supera-las no primeiro cuatrimestre.

Esta dobre matrícula da dereito á recibi-la correspondente docencia no segundo cuatrimestre.

CUARTO (alumnos de primeiro por primeira vez) .- Os alumnos de primeiro por primeira vez só se poderán matricular das materias e cuatrimestres segundo lles figure na oferta de materias para primeiro por primeira vez. De se-lo caso, en aplicación do artigo anterior, poderán matricularse outra vez no segundo cuatrimestre das materias que non superen no primeiro cuatrimestre : Álgebra Lineal e Multilineal, Informática, e Introducción á Análise Matemática.

QUINTO: Convocatoria: Os estudantes que realicen esta dobre matrícula terán dereito a tres convocatorias: as dúas ordinarias correspondentes á matrícula do primeiro cuatrimestre (febreiro e setembro) e unha ordinaria (xuño) correspondente á dobre matrícula do segundo cuatrimestre.



UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vicerrectorado de Organización Académica
e Profesorado

No caso de que os alumnos non fagan esta dobre matrícula as convocatorias das materias matriculadas, con independencia do cuadrimestre, serán dúas, a primeira ordinaria (febreiro ou xuño) e a segunda ordinaria setembro.

SEXTO: prezos públicos.- Os alumnos que optan por realizar a dobre matrícula no segundo cuadrimestre deberán liquidar os correspondentes prezos públicos aínda que logo non se presenten á realización do exame único na convocatoria de xuño.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2002

O Rector



Senén Barro Ameneiro

Sr. Secretario Xeral, Sr. Vicerrector de Organización Académica e Profesorado, Sr. Decano da Facultade de Matemáticas, Sra. Xefa da Asesoría Xurídica, Sra. Xefa do Servicio de Alumnado, Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus Sur, Sr. Director do Sein, Sr. Director do COIE.